

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
CURSO 2021/2022
CPI VIRXE DOS REMEDIOS

INDICE

1. DATOS DO CENTRO E NUMÉRICOS DO ALUMNADO	p.4
2. ASPECTOS XERAIS.....	p.5
2.1 - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	
2.2 - MEDIDAS A DESENVOLVER	
2.3 - RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO	
3. ASPECTOS CURRICULARES.....	p.7
3.1- PLANS.....	p.7
- PLAN DE CONTINXENCIA A SITUACIÓN COVID-19	
- BIBLIOTECA: PLAN ANUAL DE LECTURA – PROXECTO LECTOR E CLUB LECTURA	
- CONVIVENCIA	
- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	
3.2- PROXECTOS E PROGRAMACIÓNS.....	p.15
- DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	
- LINGÜÍSTICO:	
- INFANTIL	
- PRIMARIA	
- ESO	
3.3- PROGRAMAS.....	p.16
- E-DIXGAL E EQUIPAMENTO NAS CASAS	
- FORMACIÓN E GRUPO DE TRABAJO: PFPP	
- PLAN PROXECTA	
- PLAN DIRECTOR	
3.4- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	p.18
4. ASPECTOS ORGANIZATIVOS CURSO 2019/20	p.19
4.1- ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO:	p.19
- CLAUSTRO DE PROFESORES	
- CONSELLO ESCOLAR	
4.2- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	p.20
- EQUIPOS DE CICLO NA EDUC. INFANTIL	

- EQUIPOS DE CICLO NA EDUC. PRIMARIA
- DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS NA ESO
- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
- EQUIPO DE BIBLIOTECAS
- EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
- EQUIPO DE E-DIXGAL E TICS
- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA
- COMISIÓN DE COORDINACIÓN DE COMEDORES
- COMISIÓN DE COORDINACIÓN DE CONVIVENCIA
- COMISIÓN DE COORDINACIÓN ECONÓMICA
- PROFESORADO EN PRÁCTICAS

4.3- HORARIOS.....	p.23
A. HORARIO DO TEMPO DE AULA	
B. HORARIO DE TEMPO DE LECER	
C. HORARIO DE DISPOÑIBILIDADE CARA A COMUNIDADE	
D. QUENDAS DE VIXILANCIA NO TEMPO DE LECER	
E. QUENDAS DE VIXILANCIA NO TRANSPORTE	
F. HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS	
4.4- DATAS DE AVALIACIÓN.....	p.26
4.5- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	p.26
4.6- DÍA NON LECTIVO DO CENTRO.....	p.27
4.7- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	p.27
A. TRANSPORTE ESCOLAR	
B. COMEDOR ESCOLAR: PERSOAL QUE INTERVÉN NO SERVIZO	
4.8- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO ANPA E CONCELLO DE CASTRO CALDELAS.....	p.28
5. OUTROS ASPECTOS LEVADOS A CABO O PRINCIPIO DEL CURSO	p.29
5.1-.PLAN DE CONTINXENCIA Á SITUACIÓN COVID 19.....	p.29
5.2- REVISIÓN E MODIFICACIÓN DOCUMENTACIÓN DE CENTRO:.....	p.29
A. PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC)	
B. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)	

C. PLAN DE CONVIVENCIA

D. PLAN DIXITAL

6. ANEXOS.....p.31

6.1. DOCUMENTOS ANUAL PARA CURO 2020-21:

- ANEXO 1 → DOC
- ANEXO 2 → PLAN DE CONTINXENCIA E HORARIOS ESPELLO
- ANEXO 3 → PROGRAMACIÓNS:
 - ORIENTACIÓN
 - INFANTIL
 - PRIMARIA
 - ESO
- ANEXO 4 → PLAN ANUAL DE LECTURA: PRIMARIA- ESO- CLUBS DE LECTURA
- ANEXO 5 → DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

6.2. DOCUMENTOS DE CENTRO A LONGO PRAZO:

- PEC
- NOF
- PLAN DE CONVIVENCIA
- PLAN DE IGUALDADE

1. DATOS DO CENTRO

Tipo de Centro: CPI

Denominación Oficial: VIRXE DOR REMEDIOS

Código de Centro: 32003643

Provincia: Ourense

Enderezo: O Toural s/n – Castro Caldelas - C.P: 32760- Ourense

Teléfono/fax: 988203089

NIF: Q-8255217-E

Correo electrónico: cpi.virxe.remedios@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpivirxeremedios/>

ALUMNADO:

INFANTIL	PRIMARIA	ESO	TOTAL
4º → 6	1º → 5	1º → 14	
5º → 8	2º → 6	2º → 5	
6º → 5	3º → 5	3º → 4	
	4º → 7	4º → 3	
	5º → 11		
	6º → 8		
19	42	26	

PROFESORADO:

Educa. Infantil	2
Educa. Primaria	7
ESO	11
Pedagogía Terapéutica	2
Audición e linguaxe	1 compartido
Relixión Cat.	1 compartido
TOTAL	24

2. ASPECTOS XERAIS

2.1- OBXECTIVOS ESPECIFICOS

- a)** Seguir coa nova “normalidade” en todos os aspectos teóricos e prácticos no CPI, intentando adaptarnos a normativa vixente e a nova, que vai saíndo con respecto ó COVID-19. A última resolución é do 1 de outubro de 2021 da Secretaria Xeral De Educación.
- b)** Realizar a correspondente revisión e actualización dos seguintes regulamentos:
- Proxecto Educativo de centro (PEC)
 - Normas de Organización e Funcionamento de centro (NOF)
 - Plan de Xestión do Centro (PXC)
 - Planes do Departamento de Orientación :
 - Plan de orientación académico profesional
 - Plan de Acción Titorial
 - Plan de atención á diversidade
 - Proxecto de Biblioteca e o seu correspondente Plans de Bibliotecas
 - Plan de Convivencia
 - Plan de Igualdade
 - Proxecto Dinamización da Lingua Galega
 - Realizar o Plan Dixital durante o curso 2021/22
- d)** Continuar coa xornada lectiva en sesión de mañá e tarde ata as 16:00h.
O curso pasado conseguimos mellorar a participación das sesións dentro da xornada para beneficio dos cativos.
- c)** Continuar avanzando na dotación dos edificios en materia de infraestruturas e arranxos varios como pintura exterior, arranxo persianas, patio cuberto...
- d)** Continuar coa mellora das bibliotecas
- e)** Optimizar os recursos e servizos dixitais educativos que nos oferta a Consellería:
- E-Dixgal: este curso dispoñeremos de esta plataforma en 5º e 6º de Primaria e en 1º- 2º- 3º e 4º da ESO.
 - Páxinas web
 - Aulas virtuais
 - Correo corporativo @edu.xunta.gal
 - App de comunicación abalarMóbil para familias
 - Servizo de comunicación espazoAbalar para profesorado e centros
 - Servizo de videoconferencia

- f) Realizar a revisión anual do Plan de Auto-protección e organizar un simulacro de evacuación para estar preparados ante un posible sinistro.
- g) Continuar a traballar con todos os sectores da comunidade na planificación do centro (ANPA, Consello Escolar, Concello de Casto Caldelas e limítrofes, entidades culturais e deportivas...)
- h) Seguir coa transmisión de información ás familias do alumnado do centro sobre o funcionamento xeral do mesmo, as nova normativa que poida xurdir e, principalmente, sobre o proceso instrutivo e formativo.
- i) Manter e continuar cos recursos da Voz natura- Proxecta- Club de lectura...
- j) Participación no Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade dos centros e os seus contornos.
- k) Redacción dos criterios de promoción no noso centro, que serán postos en funcionamento o curso 2022/23, unha vez que o ministerio de educación decreta a avaliación, promoción e titulación para a ESO. En Primaria xa están definidas nun Real Decreto.

2.2 - MEDIDAS A DESENVOLVER:

- l) Realizar e levar a cabo o Plan COVID-19 neste curso. A última resolución e do 10 de setembro de 2021 da Secretaria Xeral De Educación.
- m) Revisión e actualización da documentación do centro, coas achegas da comunidade educativa, para que sexan coherentes coa lexislación e coa realidade do centro.
- n) Mantemento dunha activa colaboración coa ANPA, co Concello de Castro Caldelas e limítrofes en todos os ámbitos e actividades.
- o) Mellorar instalacións do edificio.
- p) Manter as negociacións pertinentes para adiantar e modificar a xornada lectiva para que sexa máis proveitosa para a convivencia familiar.
- q) Programar e realizar simulacro de emerxencia
- r) Mantemento periódico de reunións coas entidades participantes, en calquera ámbito, para mellorar a calidade da educación e das experiencias do alumnado.
- s) Desenvolvemento dos Plans e Proxectos nos que o centro está inmerso e solicitude dos que o centro precise para a súa mellora: Participación no Plan Director - Redacción dos criterios de promoción

2.3 – RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO:

- a) A lexislación actual vixente. Contar coa participación das distintas colectividades integradas no Consello Escolar para a revisión de documentación e implantación de novos documentos.
- b) As instalación do centro e o polideportivo de titularidade municipal que está a ser arranxado a día 20 de setembro del 2021.
- c) Recursos humanos, funxibles e materiais diversos.
- d) A participación do Concello para o mantemento das instalación do edificio de infantil e Primaria.
- e) A participación dos integrantes da comunidade escolar.
- f) A implicación do profesorado con temas como a biblioteca, club de lectura, grupo de traballo.
- g) Este ano no CPI imos facer actividades e saídas extraescolares e celebrar as diferentes festividades.... Pola seguridade da comunidade educativa se faran por grupos burbulla.
- h) Xornadas de formación a nivel grupal o individual por parte do profesorado.

3. ASPECTOS CURRICULARES

3.1- PLANS

- PLAN DE CONTINXENCIA SITUACIÓN COVID-19 NO CURSO 2021/2022 :

Segundo a Nova versión do “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022” de data 01/10/2021

Este Plan trata:

- ACTUACIÓNS EN CASO DA APARICIÓN DUN POSITIVO
- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL
- HORARIOS ESPELLO

No anexo II deste documento está o Plan Continxencia Covid-19

- BIBLIOTECAS: PLAN LECTOR E CLUB LECTURA

Este curso intentaremos levar a cabo un **programa de biblioteca**, seguindo o arquivo coas Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares durante o

curso 2021/2022. Estamos unificando criterios entre Primaria e Secundaria cara o Plan anual de lectura. O noso centro, o estar dividido en dous edificios, temos a peculiaridade de posuír dúas bibliotecas e polo tanto creemos necesario contar cun equipo adecuado.

Se incorporarán reunións periódicas entre o equipo de bibliotecas cos xefes dos departamentos para a coordinación da aplicación do plan anual de lectura en secundaria, e dos titores e especialistas de Primaria.

Cada departamento desenvolverá o plan reflectido na súa programación e valorará a súa eficacia que se verán reflectidas nas memorias finais.

Como cada ano, na ESO, se organizará un Club de lectura onde damos lectura a diferentes libros e textos. Esperamos que a participación sexa ampla.

Nos anexos deste documento están os Plans cara este curso de Primaria e Secundaria.

- CONVIVENCIA:

Temos unha máxima para este curso: Asegurar a tranquilidade, paciencia e bo convivir entre a comunidade educativa por mor do Covid-19.

Este curso, xa temos implantada a normativa referente á utilización dos móbiles no horario lectivo: terán que permanecer apagados e gardados en todo o período lectivo. Só poderán facer uso se algún profesor ou profesora o indica e sempre na súa materia e para uso didáctico. O incumprimento da norma terá a sanción dun parte disciplinario e a notificación ás familias.

- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Os obxectivos xerais do departamento de orientación para o presente curso escolar 2021-2022, xorden da memoria do curso anterior e mais do diagnóstico de necesidades, son os seguintes:

- Axustar a nosa resposta educativa ás necesidades que presentan os nosos alumnos e alumnas.
- Iniciar o deseño dun Plan de Transformación Dixital que afonde na integración didáctica das TIC e da Educación Dixital, para toda a comunidade educativa do centro.
- Proporcionar asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa presencial, ou telemática.

- Planificar actividades informativas e de orientación, dirixidas á totalidade da comunidade educativa, para coidar o tránsito entre etapas, ensinanzas e modalidades de escolarización, axustadas aos diferentes escenarios.

TEMPORALIZACIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

Colaborar no proceso de avaliación inicial de necesidades.	Setembro.
Colaborar no proceso de avaliación educativa do alumnado, así como na toma de decisión sobre as medidas de atención á diversidade que foran necesarias.	Setembro.
Colaborar na prevención e actuación co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	Todo o ano.
Colaborar no deseño e implementación dos programas de acción tutorial.	Todo o ano.
Colaborar no proceso de orientación académica e profesional do alumnado axustado ás necesidades educativas nos diferentes cursos académicos.	Febreiro-xullo.
Colaborar cos diferentes órganos da comunidade educativa no proceso de asesoramento psicopedagóxico.	Todo o ano.
Colaborar no proceso de participación dos diferentes estamentos que compoñen a comunidade educativa (centro-familia- sociedade).	Todo o ano.
Facer o seguimento e a avaliación do proceso de orientación educativa implementado.	Marzo-xuño

CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE PARA O CURSO ESCOLAR 2021-2022

Este curso escolar pretendemos acadar os seguintes obxectivos:

- Mellorar os procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- Satisfacer as necesidades educativas dos alumnos/as a través dos recursos e servizos de que dispón o sistema educativo.

- Asesorar ao profesorado no deseño, elaboración e posta en práctica de medidas de atención á diversidade.
- Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as, sobre todo ás familias de alumnos/as con n.e.a.e.

Actuacións a realizar no centro:

- Participar no Claustro e na Comisión de Coordinación Pedagóxica, especialmente en aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos e, propiciar dentro do posible, a súa inclusión no Proxecto Educativo (P.E.).
- Fomentar e animar á comunicación entre os distintos profesores/as que interveñen con grupo de alumnos/as mediante reunións de titores/as, equipo docente...

Actuacións a realizar co profesorado:

- Asesorar sobre criterios metodolóxicos que poidan prever dificultades de aprendizaxe
- Concretar as distintas programacións didácticas.
- Orientar sobre a forma de intervir cos alumnos/as de baixo rendemento: deseño de reforzo a nivel de aula, consenso sobre a estratexia metodolóxica xeral, deseño de actividades, recursos e materias a empregar...
- Coordinar a atención do alumnado con n.e.e. que precisen a intervención do profesorado de apoio.

Actuacións a realizar cos alumnos/as:

- Intervención nas sesións de avaliación
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas precisas
- Dar resposta ao alumnado repetidor tanto de primaria como de secundaria
- Elaborar as Adaptacións Curriculares pertinentes.
- Realizar o seguimento do alumnado que recibe medidas de atención á diversidade.

Actuacións a realizar coas familias:

- Informar ás familias do alumnado das distintas respostas educativas de atención á diversidade que ofrece o sistema educativo.

- Orientar ás familias de forma colectiva e individual para que asuman responsablemente a educación dos seus fillos/as.
- Implicar ás familias en actividades de reforzo e apoio á aprendizaxe.

Medidas de atención a diversidade que se levarán a cabo no centro no presente curso e que se coordinarán dende o departamento:

- Desdoblamento de grupos.
- Adecuación da estrutura do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Exención de segunda lingua estranxeira para o alumnado dos dous primeiros cursos de secundaria.
- Traballos colaborativos en grupos heteroxéneos.
- Tutoría entre iguais.
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Reforzos educativos e apoios grupais, impartidos por profesores e mestres con dispoñibilidade horaria xunto cos especialistas de PT e AL.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Adaptacións curriculares por parte de profesores con dispoñibilidade horaria xunto ca especialistas de PT e AL.

Recursos persoais:

Orientador, profesora de PT Secundaria, mestras de AL e PT de primaria, titores/as, claustro, Equipo de Orientación Específico, auxiliar coidador/a e familias.

Recursos materiais:

Test e baterías psicopedagóxicas, cuestionarios de estilo de aprendizaxe, hábitos de estudo..., modelo documento de ACI, material de apoio e reforzo das distintas áreas, ficha de seguimento individual...

Recursos organizativos:

Reunións dos membros do departamento de orientación, reunións cos titores/as, reunións periódicas dos titores/as co equipo docente do seu grupo, reunións do claustro, sesións de avaliación, reunións coas familias.

CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL PARA O CURSO ESCOLAR :

Ó longo do curso académico, e para todo o alumnado do centro, os obxectivos que se propoñen a continuación desenvolveranse de xeito interdisciplinar en tódalas áreas, e de xeito máis intenso a través da figura do profesor titor/a, encargado desta función, cunha hora expresa de tutoría na ESO.

Obxectivos xerais do plan de acción tutorial:

- Impulsa-lo desenvolvemento psicosocial dos alumnos/as.
- Optimiza-lo proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coordina-las actuacións educativas do equipo docente.
- Orientar ós pais no seu labor educativo.

Actuacións a realizar co alumnado:

- Impulsa-la integración do alumnado no centro e no grupo clase.
- Favorece-lo desenvolvemento da óptima identidade persoal, así como o autoconcepto e a autoestima.
- Impulsa-la participación do alumnado nas actividades non lectivas extraescolares.
- Fundamentalmente na ESO., contribuír ó desenvolvemento da madurez vocacional, asesorando na toma de decisións tanto a nivel de optatividade como ó remate da etapa.
- Detectar dificultades nas distintas aprendizaxes.
- Dar resposta educativa axeitada ás dificultades de aprendizaxe existentes.
- Realizar unha avaliación formativa do proceso de ensino-aprendizaxe co fin de axusta-la axuda pedagóxica.

Actuacións a realizar co profesorado:

- Coordinar e planificar tódalas actividades relacionadas coa protección fronte o Covid-19.
- Coordina-lo labor docente cos especialistas que participen na intervención educativa cos alumnos/as que presentan necesidades educativas especiais.
- Coordinar e planificar tódalas actividades de avaliación.
- Axusta-las programacións ás necesidades educativas detectadas.
- Asesorar e coordina-la avaliación e promoción interciclos.

En todo momento o titor/a informará ó equipo de profesores/as do grupo daqueles aspectos que considere relevantes para o bo desenvolvemento do proceso educativo.

O titor/a, como coordinador do seu grupo de alumnos/as, reunirse co resto do profesorado do grupo (por exemplo, en asuntos de disciplina, conflitos de grupo, baixo rendemento, etc.) e porá especial interese na toma de decisións conxuntas sobre a atención á diversidade e o apoio ás necesidades educativas especiais do alumnado, fundamentalmente para adoptar medidas de atención personalizadas, levadas á práctica en colaboración co departamento de orientación.

Así mesmo, o titor/a presidirá as xuntas de avaliación, evitando reducir estas a un mero ditado de cualificacións, e dirixíndoas preferentemente a trata-los seguintes aspectos:

- Avaliación do rendemento do alumnado segundo os criterios acordados polo Claustro e programacións dos departamentos.
- Posta en común e adopción de mecanismos de solución dos problemas de índole académica, de relación ou disciplina que puideran ser detectados.
- Posta en común do avance das programacións e previsión de actividades fóra da aula.

Actuacións a realizar coas familias:

- Fomenta-la súa participación nas actividades propostas polo centro.
- Informalos acerca da marcha dos seus fillos/as.
- Asesoralos ante conflitos ou situacións problemáticas.
- Solicitalles colaboración nas actividades de reforzo e apoio escolar.

CONCRECIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL PARA O CURSO ESCOLAR

- **Respecto ó alumnado:**
- Axudarlles a coñece-las súas aptitudes, personalidade, preferencias, valores e demais aspectos que condicionan as decisións vocacionais (condicionantes persoais, familiares, sociais....).
- Proporcionarlles información, e ensinalles a busca-la, sobre itinerarios académicos para que coñezan tódalas saídas formativas ó remata-lo ensino obrigatorio, con título ou sen el.
- Contribuír ó coñecemento do mundo socio-laboral e profesional.

- Fomentar no alumnado a capacidade de toma de decisións, analizando de forma crítica a súa situación persoal e valorando as vantaxes e inconvenientes de cada unha das alternativas.
 - Loitar contra os estereotipos sexuais ou calquera outro tipo de discriminación sociolaboral.
 - Fomenta-lo desenvolvemento de habilidades para que analicen as características de cada profesión, así coma as cualidades físicas, intelectuais, persoais e motivacionais necesarias para o exercicio da mesma, proporcionando información necesaria para que fagan unha elección responsable.
 - Axudarlles a que adquiran destrezas de busca de emprego e toma de contacto coas ofertas do mundo profesional.
 - Proporcionarlles información básica en materia de autoocupación (oposicións, concursos, creación dunha empresa...)
- **Respecto ó profesorado:**
 - Sensibilizalo da necesidade de integra-la orientación académica e profesional nas áreas, informando ó alumnado das aplicacións profesionais das súas respectivas áreas.
 - Coordina-las opinións do equipo educativo e do titor/a á hora de elabora-lo consello orientador.
- **Respecto ás familias:**
 - Informarlles sobre as distintas opcións académicas e profesionais.
 - Explicarlles a situación actual e as tendencias do mercado de traballo.
 - Promove-la súa participación no programa de orientación vocacional e profesional.
- **Actuacións referidas ao profesorado:**
 - Explicarlle ó alumnado a posible relación das distintas áreas cun futuro profesional.
 - Recopiar información relevante para a emisión do consello orientador.
- **Actuacións referidas ás familias:**
 - Reunións colectivas informativas sobre as opcións que se lles presentan ós seus fillos ó remate do curso e da etapa educativa.

- Reunións individuais con aqueles pais que precisen un asesoramento máis personalizado, sobre todo no caso de alumnos que presentan necesidades educativas especiais.

3.2- PROXECTOS

➤ DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:

Como cada ano o equipo específico elabora un plan para o curso escolar. Este curso por mor do Covid-19 iremos axustando o programa ás necesidades e posibilidades do centro e alumnado.

➤ LINGÜÍSTICO:

O noso centro aplica o Decreto 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia. Este ano as materias quedan repartidas da seguinte forma:

- En Infantil: Este mesmo Decreto recolle que a lingua materna predominante do alumnado en Infantil será determinada polo centro educativo de acordo co resultado da enquisa que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar. Tendo en conta isto, este ano a lingua escollida é o **castelán**, aínda que se fomentará que o alumnado teña un coñecemento parello das dúas linguas oficiais da nosa terra.
- En Primaria:

Materias en Castelá – 4	Materias en Galego - 5
Matemáticas	Lingua Galega e Literatura
Lingua Castelá e Literatura	Sociais
Valores	Naturais
Música/Plástica (Educa. Artística)	Relixión
	Educa. Física

- En ESO:

No seguinte cadro analizamos as materias por cursos:

MATERIAS	1º ESO			2º ESO			3º ESO			4º ESO		
	G	C	--	G	C	--	G	C	--	G	C	--
Bioloxía	4						2			3		
Cultura Científica										3		
Cultura Clásica							2					
Ed. Física	2			2			2			2		
Ed. Plástica-visual		2					2					
Física e Química					3			2			3	
Francés			2			2						
Inglés			3			3			3			3
Libre Configurac.		1		1								
Lingua Castelá		4			3			3			3	
Lingua Galega	4			3			3			3		
Matemáticas		5			5			4			4	
Música				2				2				
Relixión		1		1				1			1	
Valores		1		1				1			1	
Tecnoloxía					3			2				
TICS											3	
Titoría			1			1			1			1
Xeografía e Historia	3			3			3			3		
TOTAL	13	14	6	13	14	6	14	15	4	14	15	4

3.3- PROGRAMAS

- E-DIXGAL

Baseándonos na enquisa sobre equipamentos e competencia informática ás familias podemos concluir:

	Non teñen Internet	Non teñen ordenador
Infantil	3	3
Primaria	9	10
ESO	3	0

Este curso continuamos a optimizar os recursos que nos oferta o proxecto de libro dixital E-Dixgal e ampliamos progresivamente os mesmos e os seus usos. Este curso o temos implantado en 5º e 6º de Primaria e na totalidade da ESO.

- FORMACIÓN E GRUPOS DE TRABAJO

Neste curso, realizaremos entre todo o profesorado para realizar o Plan Dixital un PFFP, en colaboración co CEFORES do Barco de Valdeorras, chamado “Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital”.

Modalidade: Seminario e Temporalización: 15/11/2021 - 31/05/2022

- PLAN PROXECTA

Outro ano máis imos participar nos Plan elaborados pola Consellería. Dos moitos programas educativos que se ofertan cara este curso, o noso centro participa en:

ETAPA	PROGRAMA	DATOS
En Primaria	“Aliméntate ben “: - Fai clic ao teu bocata - Froita na escola - Ti si que es un bo peixe - Xermoliño	Participan: Titores + especialistas
Primaria + ESO	“Proxectos de vida activa e deportiva“: - DAFIS - PVDA - XOGADE	Participan: - Titores+ profesorado - Desde Ed. Física: -Eva López -Iván Rodríguez
En Primaria	“Mobilidade sostible e segura”	Participan: Titores + especialistas
1º e 2º ESO	“ Apuntámonos a non beber“	Coordina: Eva López Docente: Antonio Iglesias
Toda a ESO	“Proxecto Ríos”	Coordina: Eva López Participa: 6 docentes
Toda a ESO	“Naturézate”	Coordina: Eva López Participa: 6 docentes

- PLAN DIRECTOR

Estamos apuntados ó Plan para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e os seus contornos. Teremos a primeira charla impartida pola Garda Civil o xoves 14 de outubro del 2021.

3.4- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

As actividades complementarias organizadas polo centro, serán aquelas que permitan manter as medidas estritas da Covid-19. Figuran nesta PXA aprobada polo Claustro e Consello Escolar. En cada actividade participará o profesorado que se considere necesario, sempre garantindo as ratios establecidas na lexislación vixente, procurando garantir ao máximo a seguridade e bo funcionamento das actividades planificadas. Na planificación, organización e posta en marcha das actividades participarán a dirección, a xefatura de estudos, os titores/as e os diferentes equipos e departamentos.

A planificación destas actividades, a 30 de setembro del 2021 é a seguinte:

P R I M E I R O	Data	Curso	ACTIVIDADE A REALIZAR	RESPONSABLES
	26/09	todos	Día Europeo das linguas	Dpt. L.C- D.L.Ge Dirección
	14/10	todos	“Plan director: charlas novas tecnoloxías e acoso escolar”	Todos/as
	31/10	todos	Samaín ou Halloween (29/10)	Dpt. EPV - D.L.G
	5/11	Prima	“Charlas de heráldica”--	Todos/as primaria
	Do 6 o 19/11	ESO	Semana ciencia: Experimentos nos recreos	Dpts. F.Q- CCNN e EPV
	10/11	todos	Magosto (11/11)	Todos/as
	20/11	Todos	-Día Universal da Infancia	Todos/as
	25/11	todos	Día da non violencia de xénero	D.L.G – Dpt. Orientación
	01/12	todos	-Día Int. da loita contra o VIH -Actividade Deputación de Ourense Semana escolar	D.L.G – Dpt. Orientación Todos
	Do 1 o 11/12	todos	Conmemor. Estatuto Autonomía de Galicia e a Constitución	Todos
	10/12	todos	Día Declar. Der. Humanos	Dpt. Orientación
	21/12	Todos	Festival: “Celebración do Nadal	Todos
S E G U N D O	Data	Curso	ACTIVIDADE A REALIZAR	RESPONSABLES
	19/01	todos	Fachós (20/01)	D.L.G e Dirección
	xaneiro	ESO	Concerto didáctico	Dpt. música
	30/01	todos	Día da Paz	D.L.G – Dpt. Orientación
	24/02	todos	Compadres	Todos
	17/02	todos	Comadres	Todos
	25/02	todos	Celebración Entroido: Desfile rúas	Todos
	14/02	todos	Día do Amor	D.L.G – Dpt. Orientación
	Do 5 o 9/03	todos	Semana da prensa: visita creador de Cómic	todos
	08/03	todos	Día da Muller Traballadora	D.L.G – Dpt. Orientación
	15/03	todos	Día Mund. Dereitos Consumidor	D.L.G – Dpt. Orientación
	Prima	Concerto PACO NOGUEIRAS e ilustrador MARC TAEGER		
T E R C E I R O	Data	Curso	ACTIVIDADE A REALIZAR	RESPONSABLES
	Do 23 o 27/4	todos	Día do libro	Todos/as
	07/04	todos	Día Mundial da saúde	Dpt. CCNN
	09/05	todos	Día de Europa	Dpt. CCSS
	Do 09 o 13/5	todos	Semana das letras Galegas	E.D.L/ todos
16/5	todos	Festival: Letras Galegas (17/5)	E.D.L/ todos	

05/06	todos	Día Mundial do Medio Ambiente	Dpt. CCNN
19/06	Prima	XOGO DE PISTAS: "El secreto del castillo de Castro Caldelas" "Tras los pasos de una peregrina"	Todos/as
22/6	todos	Festiva despedida curso e alumnos	Todos/as

4. ASPECTOS ORGANIZATIVOS CURSO 2019/20

4.1- ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO:

- CLAUSTRO DE PROFESORES

- | | |
|----------------------------------|-------------------------------------|
| 1. Álvarez Conde, Rosa María | 13. Louredo Rodríguez, Eduardo |
| 2. Álvarez Hijosa, Sheila | 14. Méndez Pérez, Monserrat |
| 3. Bao Núñez, Noelia | 15. Miranda Martínez, Isabel R. |
| 4. Blanco Arias, Purificación | 16. Pérez Fernández, Marta |
| 5. Blanco Domínguez, Susana | 17. Plasencia Gómez, Miguel |
| 6. Cedeira Rivas, María Isabel | 18. Prol Iglesias, Ana Belén |
| 7. Díaz López, Laura | 19. Quintana Martiñá, Ana Belén |
| 8. Fernández Fernández, Xiana | 20. Relova Cid, Iria de la Libertad |
| 9. Fernández Fiuza, Francisco L. | 21. Rodríguez Batista, Iván |
| 10. Iglesias Rodríguez, Antonio | 22. Soto Domínguez, Francisco |
| 11. López Ríos, Eva | 23. Souto Bragado, Jesús Javier |
| 12. Losada Rodríguez, Milagros | 24. Velo Fernández, Juan Carlos |

- CONSELLO ESCOLAR

		DATA BAIXA
DIRECTOR	Velo Fernández, Juan Carlos	30/06/2023
X.E PRIMARIA	Rodríguez Batista, Iván	31/08/2023
X.E ESO	Miranda Martínez, Isabel Rosa	31/08/2023
REPRES. CONCELLO	Dominguez Rodriguez, Rosa	30/09/2023
REPRES. PROFESORADO (ata 6)	Secretaria -- Blanco Domínguez, Susana	31/08/2023
	Iglesias Rodríguez, Antonio	30/11/2022
	Martínez López, Marina Elma	01/12/2021- xubilada
	Souto Bragado, Jesús Javier	30/11/2022
REPRES. ANPA	John, Melanie	

REPRES.	Álvarez Fraguas, Sonia	30/11/2022
PAIS-NAIS	Lozano Nogales, Francisco Javier	
REPRES.	Magariños John, Lúa Sophie	
ALUMNADO	Pérez Martínez, Alejandro	
(ata 3)	Yáñez Rodríguez, Iker	
REPR.		
PERSOAL NON	Rey Gómez, M ^a Montserrat	30/11/2022
DOCENTE		

Este ano (en novembro de 2021) toca renovación segundo a RESOLUCIÓN do 30 de setembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos

4.2-ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- EQUIPOS DE CICLO NA EDUC. INFANTIL

Coordinadora: Milagros Losada Rodríguez

Inglés: Susana blanco Domínguez

Mestra: Sheila Álvarez Hijosa

E.F: Iván Rodríguez Batista

Música: Marta Pérez Fernández

Relixión: Francisco Soto Domínguez

A.L: Monserrat Méndez Pérez

P.T: Xiana Fernández Fernández

- EQUIPOS DE CICLO NA EDUC. PRIMARIA

Titora 1º e 2º Primaria: Rosa María Álvarez Conde

Titora 3º e 4º Primaria : Purificación Blanco Arias

Titora 5º Primaria: Noelia Bao Núñez

Titora 6º Primaria: Ana Belén Quintana Martiñá

E.F: Iván Rodríguez Batista

Música: Marta Pérez Fernández

Relixión: Francisco Soto Domínguez

Inglés: Susana Blanco Domínguez

A.L: Monserrat Méndez Pérez

P.T: Xiana Fernández Fernández

- DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS NA ESO

Departamento de L.G: Eduardo Louredo Rodríguez

Antonio Iglesias Rodríguez

Departamento de L.C: Jesús Javier Souto Bragado

María Isabel Cedeira Rivas

Departamento de E.F: Eva López Ríos

Departamento de Tecnoloxía: Francisco Luis Fernández Fiuza

Departamento de F.Q: Laura Díaz López

Departamento de Matemát.: Ana Belén Prol Iglesias

Laura Díaz López

Departamento de Inglés: María Isabel Cedeira Rivas

Departamento de C. Naturais: Iria de la Libertad Relova Cid

Departamento de Música: Antonio Iglesias Rodríguez

Departamento de X.H: Miguel Plasencia Gómez

Departamento de Relixión: Francisco Soto Domínguez

- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA

Dinamizadora: Eduardo Louredo Rodríguez

Profesores: Milagros Losada Rodríguez : Infantil

Pérez Fernández, Marta: primaria

Isabel Rosa Miranda : ESO

Alumno: María Isabel Méndez Casas

Membro do persoal non docente: M^a Montserrat Rey Gómez

- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Orientador: Velo Fernández, Juan Carlos

Especialista de Pedag. Terapéutica: Miranda Martínez, Isabel Rosa

Fernández Fernández , Xiana

Especialista de Audición e Linguaxe: Méndez Pérez, Monserrat

Titor do ámbito científico- tecnolóxico: Ana Belén Prol Iglesias

Titor do ámbito Lingüístico- social: Eduardo Louredo

Coordinador E. Infantil: Milagros Losada Rodríguez

Coordinador E. Primaria: Iván Rodríguez Batista

- EQUIPO DE BIBLIOTECAS

Responsable de dinamizar da bibliotecas: J. Javier Souto
Dinamizador entre Infan, Primaria e Secundaria: Eduardo Louredo
Coordinadora Primaria: Marta Pérez Fernández
Coordinador na ESO: Eduardo Louredo
Ámbito lingüístico: M^a Isabel Cedeira Rivas
Ámbito científico: Iria de la Libertad Relova Cid
Ámbito social: Miguel Plasencia Gómez
Coordinadora club Lectura - Xefatura estudos: Isabel Miranda

- EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Eva López Ríos
Isabel Rosa Miranda Martínez
Iván Rodríguez Batista

- EQUIPO DE E-DIXGAL E TICS

Antonio Iglesias Rodríguez
Francisco Luís Fernández Fiuza

- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

Director: Juan Carlos Velo Fernández
Xefes de estudos: Isabel R. Miranda Martínez e Iván Rodríguez Batista
Xefes de Departamentos
Coordinador Eq. normalización lingüística: Eduardo Louredo Rodríguez
Coordinadores de ciclo de educación infantil e primaria
Profesor de apoio o alumnado con a.n.e.a.e

Unha das cuestións máis relevantes cara a primeira reunión será revisar a normativa, fixar órganos de coordinación didáctica, fixar titorías e datas de avaliación

- COMISIÓN DE COORDINACIÓN DE COMEDORES

Director : Juan Carlos Velo Fernández
Secretaria: Susana Blanco Domínguez
Representante Pais/Nais: Sonia Álvarez
Representante alumnos: _____
Responsable comedor: Montserrat Rey Gómez

Representante Profesorado: Isabel R. Miranda

- COMISIÓN DE COORDINACIÓN DE CONVIVENCIA

Director : Juan Carlos Velo Fernández

Secretaria: Susana Blanco Domínguez

X.E Primaria: Iván Rodríguez Batista

X.E Secundaria: Isabel R. Miranda Martínez

Representante Alumnado: _____

Representante Pais/Nais: _____

- COMISIÓN DE COORDINACIÓN ECONÓMICA

Director : Juan Carlos Velo Fernández

Secretaria: Susana Blanco Domínguez

Representante Pais/Nais: _____

Representante Pais/Nais: _____

Representante Profesorado: Jesús Javier Souto Bragado

- PROFESORADO EN PRÁCTICAS

Este curso académico temos a unha funcionaria en prácticas en infantil: Sheila Álvarez Hijosa

4.3- HORARIOS

A. HORARIO DO TEMPO DE AULA

5. Infantil e Primaria

DE MAÑÁ		DE TARDE	
VERÁN	INVERNO	VERÁN	INVERNO
10:00-14:30	09:30-14:30		

6. ESO

DE MAÑÁ		DE TARDE	
VERÁN	INVERNO	VERÁN	INVERNO
10:00-14:30	Luns mércores venres 09:30 -14:10		Luns mércores venres 15:10 -16:00

	Martes e Xoves 9:30 - 13:50		Martes e Xoves 14:30 - 16:00
--	--------------------------------	--	---------------------------------

B. HORARIO DE TEMPO DE LECER

7. Infantil e Primaria

DE MAÑÁ		DE TARDE	
VERÁN	INVERNO	VERÁN	INVERNO
12:30-13:00	12:00-12:30		15:00-16:00

8. ESO

DE MAÑÁ		DE TARDE	
VERÁN	INVERNO	VERÁN	INVERNO
12:30-13:00	Luns mércores venres 12:00 -12:30		Luns mércores venres 14:10 -15:10
	Martes e Xoves 12:00 - 12:20		Martes e Xoves 13:50 - 14:30

C. HORARIO ABERTO A DISPOSICIÓN DA COMUNIDADE

HORARIO DE VERÁN	HORARIO DE INVERNO
	16:00-17:00

D. QUENDAS DE VIXILANCIA NO TEMPO DE LECER

9. Infantil e Primaria

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Puri Noelia Sheila	Iván Mila Marta	Susana Ana Belén Rosa	Puri Sheila Noelia	Iván Mila Marta

Sala de mestres/as: Xiana

10. ESO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VERNES
BIBLIOTECA	LAURA	FRANCISCO	FRANCISCO	FRANCISCO	FRANCISCO
CORREDOR BAÑOS AULAS	IRIA	LAURA	IRIA	LAURA	IRIA
PATIO TRASEIRO PLANTA BAIXA	MIGUEL	EVA EDUARDO	EVA ISA	IRIA	PACO
PATIO DELANT. PLANTA ALTA	EDUARDO	MIGUEL	MIGUEL EDUARDO	EDUARDO	LAURA
MÚSICA	ANTONIO	ANTONIO	ANTONIO	ANTONIO	EDUARDO

QUENDAS DE VIXILANCIA NO TRANSPORTE

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
MAÑÁ 9:10 - 9:30	JUAN C. Ana Belén Puri	XABI Sheila Rosa	EVA Marta Susana	XABI Noelia Xiana	EVA Mila Iván
TARDE 16:00 - 16:20	ISABEL Ana Belén Puri	MIGUEL Sheila Rosa	ISABEL Marta Susana	EDUARDO Noelia Xiana	J.CARLOS Mila Iván

E. HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS POR PARTE DO PROFESORADO

▪ EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA:

Martes en horario de 16:00 a 17:00 previa cita

▪ ESO:

DOCENTE	MATERIA	HORARIO
LAURA DÍAZ LÓPEZ	FÍSICA E QUÍMICA DESDOBRE MATEMÁT. 1º	XOVES DE 11:10 A 12:00
ANTONIO IGLESIAS RODRÍGUEZ	MÚSICA CULTURA CLÁSICA EPV 1º ESO DESBOBRE L.G 1º	MÉRCORES DE 10:20 A 11:10
IRIA RELOVA CID	BIOLOXÍA EPV 3º ESO CULTURA CIENTÍFICA	MARTES DE 11:10 A 12:00

EVA LÓPEZ RÍOS	EDUCACIÓN FÍSICA	VENRES DE 10:20 A 11:10
ISA CEDEIRA RIVAS	INGLÉS DESDOBRE L.C 1º	VENRES DE 09:30 A 10:20
EDUARDO LOUREDO RODRÍGUEZ	LINGUA GALEGA	MARTES DE 13:05 A 13:50
FRANCISCO FERNÁNDEZ FIUZA	TECNOLOXÍA TICS	XOVES DE 11:10 A 12:00
ISABEL MIRANDA MARTÍNEZ	APOIO-REFORZOS XEFATURA DE ESTUDOS	XOVES DE 11:10 A 12:00
MIGUEL PLASENCIA GÓMEZ,	XEOGRAFÍA E HISTORIA	MÉRCORES DE 11:10 A 12:00
ANA PROL IGLESIAS	MATEMÁTICAS	VENRES DE 11:10 A 12:00
JESÚS JAVIER (XABI) SOUTO BRAGADO	LINGUA CASTELÁ	XOVES DE 10:20 A 11:10
JUAN CARLOS VELO FERNÁNDEZ	DIRECTOR ORIENTACIÓN	XOVES DE 10:20 A 11:10

4.4- DATAS DE AVALIACIÓN

	INICIAL	1ª AVAL.	2ª AVAL.	3º AVAL.	EXTRA.
PRIMARIA	05/10/21	14/12/21	29/03/22	14/06/22	
Entrega boletíns		21/12/21	01/03/22	21/06/22	
ESO	04/10/21	16/12/21	14/03/22	07/06/22	23/06/22
Entrega boletíns		21/12/21	15/03/22	08/06/22	27/06/22

4.5- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Este curso 2021/22 intentaremos realizar **actividades extraescolares** si o Covid permite a nosa labor con plenitude.

Por agora temos fixadas algunhas que poderían reducirse ou ampliarse seguindo directrices da Consellería.

Así temos programadas:

1. PRIMER TRIMESTRE:

- Outubro: Visita ao Xeoparque do Caurel (1º e 2º ESO) — Dept. Xeog. e historia
- Teatro a Ourense en galego – Dept. Lingua Galega (Toda a ESO)
- Concerto + teatro en ourense (Primaria) – Música + Titores
- Saída a Manzaneda: esquiou (Primaria) – Educ. Física + Titores
- Saídas ao deporte escolar: campo a través, balonmán, baloncesto, piragüismo e multixogo (Primaria) – Educ. Física + Titores

2. SEGUNDO TRIMESTRE:

- Marzo: Percorrido cultural polas torres medievais da comarca da Limia (toda a ESO)—Dept. Xeog. E historia
- Roteiro “A Esmorga” Ourense – Dept L. Galega e Biblioteca
- Saídas ao deporte escolar: campo a través, balonmán, baloncesto, piragüismo e multixogo (Primaria) – Educ. Física + Titores

3. TRIMESTRE

- Maio – Saída a León e comarca (toda a ESO)—Dept. Xeog. E historia.
Saída ao Grove: parque multiaventura (Toda Primaria) – Titores.
- Xuño -- Unha etapa camiño de Santiago (toda a ESO)—Dept. Educ. Física.
- Saída parque “a ferverza” (tPrimaria)
- Saídas ao deporte escolar: campo a través, balonmán, baloncesto, piragüismo e multixogo (Primaria) – Educ. Física + Titores

4.6- DÍA NON LECTIVO DO CENTRO

No Claustro do día 13 de outubro del 2021 quedou aprobada a petición de escoller como día non lectivo do centro o luns 16 de maio del 2022.

4.7- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

A. TRANSPORTE ESCOLAR

Ruta Nº	Paradas	Alumnos	Km	Tempo	Empresa
XG 64503	De Vilanova a Portela	23	30	47´	A. Castro Caldelas
XG 64506	De Ruidos a Tronceda	10	21	27´	A. Castro Caldelas

XG 61305	De Cruz de Lumeares a Castro Caldelas	15	9	24'	A. Castro Caldelas
XG 64505	De Piñeiro a Candelo	13	43	60'	A. Castro Caldelas
XG 64508	De San Martiño a Burgo	4	20	45'	A. Castro Caldelas
XG 64504	De San Xulián a Rabacallos	7		32'	A. Castro Caldelas
XG 64507	De Cacidrón a Ventosa	4		43'	A. Castro Caldelas

Este ano tivemos moitos problemas coa aplicación informática do transporte escolar. Pouco a pouco imos emendando os fallos sobre as asignacións das paradas.

B. COMEDOR ESCOLAR: PERSOAL QUE INTERVÉN NO SERVIZO

Tipo de Comedor (A,B,C)	B
Tipo de xestión (Propia, Catering)	PROPIA
Alumnos que fan uso do servizo	83
Alumnos que reciben axuda:	Gratuidade total →73
	Abono 1 € → 1
	Abono 2,50 € → 3
Alumnos que non reciben axuda:	Abono 4,50 € → 6
Outros comensais	17
Total comensais	100

4.8- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLA ANPA OU CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

A ANPA, polo de agora, decidiu non realizar actividades extraescolares.

O Concello de Castro Caldelas está a organizar unha serie de actividades deportivas extraescolares que levou a cabo o longo do curso pasado e que tiveron moito éxito. Estaban organizadas ás 16:00h en grupos de 5 alumnos/as e

que seguen os grupos burbulla do CPI. Estamos á espera do proxecto de ditas actividades para pedir os permisos oportunos.

5. OUTROS ASPECTOS LEVADOS A CABO O PRINCIPIO DEL CURSO 2020-2021:

5.1- PLAN DE CONTINXENCIA Á SITUACIÓN COVID 19 2021/2022

Segundo a Nova versión do “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022” de data 01/10/2021

Este Plan segue as directrices do curso pasado e trata:

- Medidas de prevención básicas.
- Medidas xerais de prevención individual.
- Medidas de limpeza.
- Material de protección.
- Xestión dos abrochos.
- Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade.
- Medidas de carácter organizativo.
- Medidas en relación coas familias e a ANPA.
- Medidas para o alumnado transportados.
- Medidas de uso do comedor.
- Medidas específicas para o uso doutros espazos.
- Medidas especiais para os recreos.
- Medidas específicas para alumnado de Educación Infantil e os dous primeiros cursos de Primaria.
- Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres.
- Medidas específicas para alumnado de a.n.e.e.
- Previsións específicas para o profesorado.
- Medidas de carácter formativo e pedagóxico.
- ANEXO II: Plan de continxencia

5.2- REVISIÓN DOCUMENTACIÓN DE CENTRO:

A. PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC)

Facer unha revisión xeral.

B. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)

As modificacións máis recentes e que teñen prioridade polo Plan Continxencia Covid-19 refírense a:

- A seguinte modificación, fai referencia o aprobado no claustro escolar ordinario

celebrado con data 12/09/2019, e no consello escolar ordinario celebrado con data 13/09/2019, sobre as modificacións das normas de organización e funcionamento referidas ao **uso do móbil** e a **organización dos recreos** do alumnado de secundaria. Este ano por mor DO COVID-19 temos quendas moi diferenciadas por cursos e espazos. Isto queda reflectido no PROTOCOLO COVID do centro, quedando redactado do seguinte xeito:

1. No CPI Virxe dos Remedios de Castro Caldelas queda prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos, que terán que estar apagados e gardados. Enténdese por período lectivo o tempo que vai desde a chegada ao centro, ata que marchan para a súa casa.

Excepcionalmente, e sempre baixo a responsabilidade do docente que o autorice, pódense empregar estes dispositivos como ferramenta pedagóxica.

2. Nos tempos de recreo o alumnado de secundaria, agrupados por cursos (1º-2º e 3º-4º), ten as seguintes opcións, sempre supervisadas por un docente de garda:

Se o tempo o permite:

- Dous patios: dianteiro e traseiro.

Se chove:

- Facer uso dos corredores e espazos por andares. Na planta baixa empregar a aula dos ordenadores para tarefas académicas e na primeira planta facer uso da biblioteca escolar.

Todo o alumnado ten que facer uso dalgunha das opcións e sempre co seu grupo de referencia. Non poderá deambular polos corredores nin quedarse dentro da aula.

C. PLAN DE CONVIVENCIA

Este curso que comeza, temos que tomar como referencia o PROTOCOLO DO PLAN DE CONTINXENCIA COVID-19. Para o curso que ven continuaremos co programa “O patio escolar é área de reunión” dentro do Plan de Convivencia.

D. PLAN DE DIXITAL

Por medio dos Plans de formación permanente do profesorado en centros educativos públicos este curso imos realizar o Pan Dixital .

Liñas de actuación propostas para o FPROFE:

- Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo

colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital

- Analizar a competencia dixital do centro empregando ferramentas de avaliación e diagnose.
- Diseñar un plan de actuación en base ás conclusións obtidas no proceso de diagnose.
- Establecer un procedemento de seguimento e avaliación do plan de actuación elaborado.

6. ANEXOS:

6.1. DOCUMENTOS ANUAL PARA CURO:

- ANEXO 1 → DOC
- ANEXO 2 → PLAN DE CONTINXENCIA e HORARIOS ESPELLO
- ANEXO 3 → PROGRAMACIÓNS:
 - ORIENTACIÓN
 - INFANTIL
 - PRIMARIA
 - ESO
- ANEXO 4 → PLAN ANUAL DE LECTURA: PRIMARIA- ESO- CLUB DE LECTURA
- ANEXO 5 → CLUBS DE LECTURA
- ANEXO 6 → DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

6.2. DOCUMENTOS DE CENTRO A LONGO PRAZO:

- PEC
- NOF
- PLAN DE CONVIVENCIA
- PLAN DE IGUALDADE